

Informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural en relación co asunto:

Documento: *Proxecto Técnico de Revisión do PXOM de Lugo*
Promotor: *Concello de Lugo*
Autor: *Estudios, Proyectos y Planificación S.A.*
Fecha de entrada: *02 de febreiro 2007*

O director xeral de Patrimonio Cultural despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos e en virtude das competencias que lle outorga a Lei 8/95, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, a Lei 16/85, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español, así como o resto da lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e conservación do Patrimonio Cultural, emite o seguinte

INFORME:

Antecedentes e feitos:

- Con data 26 de xaneiro de 2006, procédese polo Pleno do Concello de Lugo á "Aprobación Inicial do Proxecto Técnico de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal".
- Con data de 31 de xaneiro de 2007 ten entrada na Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte en Lugo o documento en soporte papel relativo a: "Aprobación Inicial do Proxecto Técnico de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal".

Consideracións e fundamentos técnicos:

Estudado o documento de referencia e consultados os datos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, en referencia aos puntos que se relacionan, estímase:

Con carácter xeral, o documento de referencia presenta as seguintes deficiencias:

- Problemas de grafismo que fan ilexibles algúns planos, nos que non aparecen os bens a protexer nin ningún contorno de protección.
- Un tratamento deficiente do patrimonio cultural, cun baixo nivel de protección, e sen especificar os bens de interese cultural.
- Un deficiente traballo de campo que se delata en que o catálogo é incompleto.
- Deficiente tratamento do Camiño de Santiago.
- Falta de información nas fichas do catálogo.
- Falta de planos, polo menos a 1/5.000, que permitan avaliar correctamente o documento, especialmente a incidencia da ordenación sobre os bens a protexer.

DESDE O PUNTO DE VISTA DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO:

No referente á ORDENACIÓN:

PRIMEIRO

Na identificación dos bens nos planos de ordenación:

- A simboloxía é pouco clara, cun grafismo demasiado grande que dá lugar a confusións e non permite identificar correctamente os bens na escala 1/1.000.
- Entre a ordenación a escala 1/10.000 e 1/1.000 deberanse aportar planos polo menos a escala 1/5.000 de todo o municipio, sendo esta unha escala máis adecuada para poder avaliar a incidencia da ordenación proposta sobre os bens a protexer, que deberán aparecer reflectidos nestes planos así coma os seus contornos de protección.
- Nos planos a escala 1/10.000 os bens aparecen reflectidos mais non así referenciados ás fichas do catálogo, polo que non se poden identificar.
- Úsase a mesma simboloxía nos planos de núcleos rurais para as novas edificacións que nos planos de ordenación para os bens catalogados, o que xera confusión na interpretación dos planos.
- Non se define ningún contorno de protección.

- O Camiño de Santiago (ruta coñecida como “Camiño do Norte” ou Camiño Primitivo) e as súas zonas de protección debe aparecer recollidos en tódolos planos de ordenación na súa integridade, independentemente da clasificación do solo nos ámbitos polos que discorre e da escala á que se represente.
- En relación co tratamento do Camiño de Santiago, cómpre sinalar que a súa delimitación segundo o procedemento establecido na Lei 3/96 de Protección dos Camiños de Santiago (artigos 5 e ss) suporá a restrición dos usos e actividades nas zonas laterais de protección e de protección do contorno. No mesmo senso o Plan Especial de protección e promoción do Camiño de Santiago no ámbito do seu territorio histórico pode establecer determinacións sobre protección, usos do solo, actividades, etc., que obrigarán, de ser o caso, á adaptación do planeamento municipal (artigos 17 e 18 da Lei 3/96).

SEGUNDO

Nos núcleos rurais:

- Nos planos de ordenación dos núcleos rurais non se identifican os bens a protexer nin os seus contornos, polo que non se pode proceder a avaliar como afecta a delimitación dos núcleos e as áreas de expansión aos bens incluídos no catálogo.
- Non se identifica o Camiño de Santiago.
- A análise do modelo de asentamento é incompleta xa que no apartado dos elementos de interese deberían figurar tódolos elementos incluídos no catálogo, coa súa localización e ficha ou referencia á ficha do Catálogo.
- No que se refire aos núcleos onde se atopan Bens de Interese Cultural:
 - Núcleo de Bóveda, na parroquia de Santa Baia de Bóveda, onde se atopa o Templo Romano de Santa Olalla de Bóveda declarado coa categoría de Monumento polo Decreto de 3 / 06 / 31 publicado na GAC do 4 / 06 / 31, e con Delimitación do seu contorno polo Decreto 108 de 17 / 04 / 97, publicado no DOG do 9 / 05 / 97:
A delimitación do núcleo e da área de expansión atópase dentro do contorno delimitado, entendéndose que a delimitación do núcleo é excesiva. A distancia de 50 metros ás edificacións é máxima, e neste caso estímase que se debe reducir ao mínimo, englobando soamente o núcleo edificado. Asemade, estímase completamente innecesaria e improcedente a delimitación dunha área de expansión, que xeraría incrementos de edificabilidade e novas ordenacións dentro do contorno de protección do BIC, o que lle afectaría negativamente.
 - Núcleo de Distriz - A Devesa, na parroquia de Meilán, onde se atopa a Igrexa de Santiago de Meilán declarada Monumento polo R. Decreto 775 de 26 / 02 / 82, publicado no BOE do 21 / 04 / 82:
A delimitación do núcleo e da área de expansión atópase no contorno de protección do BIC, entendendo que a delimitación é excesiva. Estímase que non debe sobrepasar a estrada principal cara ao río, deixando de esta maneira a igrexa e a súa casa reitoral fóra do núcleo, así mesmo, estímase que non procede delimitar a área de expansión que une aos dous núcleos da Devesa, xa que isto xeraría incrementos de edificabilidade e novas ordenacións dentro do contorno de protección do BIC, o que lle afectaría negativamente.

TERCEIRO

No referente á incidencia da ordenación sobre os bens do catálogo, tendo en conta as carencias existentes na documentación presentada e os problemas atopados de falta de claridade, debido á indefinición que se produce polo grafismo utilizado, é imposible avaliar a incidencia da nova ordenación sobre os bens a protexer; non obstante, daqueles planos onde se puido obter información cómpre facer as seguintes referencias:

- Os planos de ordenación 1/1.000 non reflectan todo o territorio municipal, só o da cidade, e nos planos a escala 1/10.000 é imposible establecer a incidencia da ordenación sobre os elementos a protexer, xa que estes non aparecen referidos á súa ficha do catálogo para poder identificalos, así como tampouco aparecen os seus contornos de protección. Co que debemos reiterar a necesidade de aportar planos a escala polo menos 1/5.000, para poder proceder a facer unha avaliación correcta.
- No referente aos planos a escala 1/1.000 deben facerse as seguintes consideracións:
 - En diferentes planos aparecen referenciados determinados edificios e elementos cun asterisco, que na lenda dos planos non se describe a que fai referencia, debendo corrírse esta carencia.
 - Con referencia ao elemento do catálogo L-23 do plano 7.18, establécese unha ordenación en

- cuarteirón pechado, xerando contra o elemento catalogado medianeiras vistas de 4 e 5 alturas. Así mesmo, o elemento conta actualmente cun entorno consolidado de pequenas edificacións que actúan coma elemento de amortiguamento de impacto sobre do elemento a protexer dentro do seu contorno, que se considera deben manterse.
- Con referencia ao elemento do catálogo L-10 do plano 7.21, establécese unha ordenación en cuarteirón pechado, xerando contra o elemento do catálogo medianeiras vistas de 4 e 8 alturas.
 - Con referencia aos elementos do catálogo L-20 e L-29 do plano 7.32, establécese unha ordenación en cuarteirón pechado, xerando contra o elemento catalogado medianeiras vistas de 5 e 6 alturas.
 - Con referencia aos elementos do catálogo L-21, L-22 e L-30 do plano 7.35, establécese unha ordenación en cuarteirón pechado, xerando contra os elementos edificación de nova planta de ata nove alturas que afectan ás vistas e ao contorno dos elementos. Debería reconsiderarse esta ordenación, sobre todo tendo en conta que algunhas desas edificacións atópanse en ordenanza de volumetría específica e, en todo caso, remitir a ordenación a un estudio de detalle que deberá ser informado pola Consellería de Cultura e Deporte.
 - Con referencia aos elementos do catálogo L-31 e L-32, seminarios maior e menor, do plano 7.36, establécense ordenacións en volumetría específica con alturas de 6 a 8 no seu contorno, e excesivamente cerca dos elementos a protexer, atopándose algunhas delas xa edificadas. No caso dos que sexan de nova edificación, debido á indefinición da ordenanza deberá referirse a un posterior estudio de detalle.
 - Con respecto ao resto dos elementos incluídos no catálogo, moitos non aparecen reflectidos en ningún plano de ordenación, sendo estes elementos os seguintes:
 - L-5, L-24, L-25, L-28, L-33, L-34, L-35, L-37 e L-38
 - A-1 e A-2
 - Do SM-1 ao SM-9
 - XA-1
 - AN-1 e AN-2
 - Do BA-1 ao BA-4
 - BC-1 e BC-2
 - Do BZ-1 ao BZ-3
 - Do BN-1 ao BN-5
 - Do BO1 ao BO-4
 - Do BB-1 ao BB-9
 - Do BV-1 ao BV-5
 - Do B-1 ao B-9
 - Do CL-1 ao CL-5
 - CM-1 e CM-2
 - Do X-1 ao X-7
 - Do CR-1 ao CR-6
 - Do CA-1 ao CA-4
 - Do CO-1 ao CO-7
 - Do C-1 ao C-12
 - Do CU-1 ao CU-3
 - ES-1
 - Do F-1 ao F-7
 - Do G-1 ao G-3
 - Do LB-1 ao LB-4
 - LM-1
 - MZ-1
 - Do ML-1 ao ML-4
 - Do ME-1 ao ME-3
 - Do MM1 ao MM-3
 - M-1
 - Do O-1 ao O-8
 - Do OR-1 ao OR-6

- Do OU-1 ao OU-3
 - Do PD-1 ao PD-5
 - Do PN-1 ao PN-3
 - PS-1
 - Do PG-1 ao PG-4
 - Do P-1 ao P-5
 - Do PR-1 ao PR-3
 - RC-1
 - RM-1
 - RM-1 e RM-2
 - RO-1
 - RB-1 e RB-2
 - Do S-1 ao S-11
 - SL-1 e SL-2
 - Do RN-1 ao RN-6
 - Do SC-1 ao SC-5
 - Do SÑ-1 ao SÑ-6
 - Do TX-1 ao TX-3
 - Do TI-1 ao TI-3
 - Do VE-1 ao VE-7
 - Do V-1 ao V-7
- Destacar que existen dúas denominacións RM-1 Ribas de Miño, Igrexa de Vilachá e RM1 Romeán, Igrexa de Saboleiro, situación que debe corrixirse.

CUARTO

No referente ás fichas de normativa urbanística, planeamento incorporado e remitido:

- Nin no Solo Urbano, no de Núcleo Rural ou no de Área de Expansión, así coma nin nos planeamentos incorporados ou remitidos en solo urbanizable delimitado ou en urbanizable non delimitado referido a plans de sectorización, aparece referencia algunha a elementos incluídos no catálogo ou os seus contornos de protección polo que non se pode avaliar a incidencia destas previsións sobre os elementos a protexer, debéndose proceder a reflectir os elementos e os seus contornos nas correspondentes fichas e planeamentos incorporados e remitidos .

No referente á **NORMATIVA XERAL**:

- Do Tomo I Memoria, cómpre sinalar:

PRIMEIRO

No punto 12 Núcleos Rurais non pode avaliarse o impacto das propostas, ordenanzas, determinacións, etc, sobre os bens do catálogo xa que estes non se identifican correctamente e tampouco se sinalan os seus contornos de protección.

SEGUNDO

No punto 13.1 Categorías do Solo Rústico, introdúcese o solo rústico de protección con interese patrimonial, mais este tipo de solo non aparece nas zonas de ordenación do Solo Rústico das fichas da normativa urbanística.

TERCEIRO

No punto 17, na ordenanza 5, Volumetría Específica, os edificios de nova planta que poidan afectar a elementos do catálogo ou aos seus contornos, deberán remitirse a un posterior estudio de detalle, que requirirá informe favorable da Consellería de Cultura e Deporte.

- Do Tomo II Normativa Urbanística, cómpre sinalar:

PRIMEIRO

No artigo 12, referente aos tipos de plans e proxectos, establecerase que tódalas figuras de planeamento

requirirán informe da Consellería de Cultura e Deporte, conforme ao establecido no artigo 32 da Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, e máis se afectan a elementos do catálogo e aos seus contornos.

SEGUNDO

No artigo 21, referente ás obras maiores e menores, no caso das obras menores deberase matizar que en ningún caso se entenderán como tales as intervencións en edificios declarados ben de interese cultural ou incluídos no catálogo do plan xeral.

TERCEIRO

No artigo 26, referente ás autorizacións concorrentes, debería aclararse o feito do silencio negativo nas resolucións da consellería de Cultura e Deporte en actuacións sobre elementos protexidos, segundo establece o artigo 2 da Lei 6/2001 do 29 de xuño.

CUARTO

Artigos 51 a 55, referentes ao uso residencial. No caso de edificios do catálogo que polas súas características non podan cumprir tódolos requisitos establecidos, deberán estar exentos do seu cumprimento.

QUINTO

No artigo 91, referente ao obxecto e aplicación das normas xerais de edificación, deberíase especificar que estas serán exceptuables xustificadamente en elementos do catálogo, se a súa aplicación vai en contra da adecuada protección dos elementos.

SEXTO

No artigo 119, referente a construcións permitidas por enriba da altura máxima, en ningún modo poderán admitirse pendentes maiores de 30º en edificacións e núcleos rurais tradicionais do catálogo así como nos seus contornos de protección, salvo que sexa unha característica da edificación a protexer. Asemade, deberían facerse matizacións con respecto a aquelas actuacións a realizar en edificacións ou elementos protexidos que non poidan acoller este tipo de elementos, podendo evitar o cumprimento dos requisitos de volumetría xeral.

SÉTIMO

Artigos 134 a 140, referentes a condicións hixiénicas. Estas serán escusables nos edificios do catálogo cando non se poidan cumprir por causa das propias características do elemento protexido. Asemade, no artigo 140 farase referencia a que nos edificios protexidos non se permitirán aparatos de aire acondicionado en fachada.

OITAVO

Artigos 141 a 146, referentes a condicións de acceso e seguridade aos edificios. Estas poderán eximirse en edificios do catálogo que sexan incompatible coa súa protección.

NOVENO

No artigo 165, referente ao trazado viario, regúlanse as aliñacións, mais estas resultan pouco claras nos planos de ordenación, debéndose corrixir tódolos problemas de grafismo existentes con carácter xeral en todos os documentos gráficos do plan.

DÉCIMO

Nos artigos 171 a 174, referentes ao alumado público, farase referencia a evitar a súa colocación sobre os elementos do catálogo.

No referente á **NORMATIVA DE PROTECCIÓN:**

PRIMEIRO

O título IX da normativa, referente á Protección do Patrimonio Cultural, non se considera axeitado, e deberá indicar o seguinte:

- Deberá mencionarse a normativa de aplicación no ámbito do patrimonio cultural.
- Deberá mencionarse o réxime dos elementos coa categoría de Bens de Interese Cultural, BIC recollida

na Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia.

- Respecto do Camiño de Santiago establecerase unha normativa específica de protección, requirindo que calquera intervención que afecte ao Camiño ou ás súas zonas de protección ten que contar coa autorización previa da Consellería de Cultura e Deporte. Nestes ámbitos débese manter o carácter paisaxístico, o ambiente xeral e o parcelario.
- Deberá constar no documento que calquera intervención que afecte a un elemento recollido no catálogo ou ao seu contorno de protección estará supeditada ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura e Deporte, independentemente do grao de protección asignado ao elemento, conforme aos artigos 37, 52 e 54 da Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Deberán identificarse individualmente todos e cada un dos Bens de Interese Cultural existentes no Concello de Lugo.

Fóra do ámbito do plan especial de protección:

Termas Romanas	Decreto de 3/06/31	(GAC do 04/06/31)
Igrexa de Santiago de Meilán	R. Decreto 775 de 26/02/82	(BOE do 21/04/82)
Templo Romano de Sta Olalla de Bóveda	Decreto de 3/06/31	(GAC do 04/06/31)
<i>Delimitación de Sta Olalla de Bóveda</i>	<i>Decreto 108 de 17/04/97</i>	<i>(DOG do 09/05/97)</i>
Arquivo Histórico Provincial	Lei 16/85 do PHE (artigo 60)	

Dentro do ámbito do plan especial de protección:

Recinto intramuros da cidade de Lugo	Decreto 443 de 22 / 02 / 73	(BOE do 13/03/73)
Murallas Romanas	Real Orde de 16/04/21	(GAC do 23/04/21)
Casa do Concello	Decreto 2645 de 18 / 08 / 72	(BOE do 02/10/72)
Catedral de Santa María	Decreto de 3 / 06 / 31	(GAC do 04/06/31)
Convento de San Francisco (Museo)	Decreto de 3 / 06 / 31	(GAC do 04/06/31)

- Asemade, farase referencia á consideración de Ben de Interese Cultural dos bens a que se contraen os Decretos de 22 de abril de 1949, sobre Castelos Españois, 571/1963, sobre cruceiros e elementos análogos de máis de cen anos e 449/1973 sobre hórreos e cabaceiros de máis de cen anos.
- Deberanse definir e detallar os tipos de obras permitidas neste título sen ter que recorrer a o artigo 13 da normativa xeral.
- Deberanse revisar as obras permitidas nos distintos graos de protección e establecer concordancia coas establecidas nas fichas do catálogo, nas que ademais das establecidas na normativa de protección (conservación e mantemento, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación) inclúen outras como derribo, ampliación, nova planta, etc, non definidas nesta normativa de protección. As obras permitidas deben coincidir en ambos documentos para que non dean lugar a confusións.
- Deberase incluír un punto referente ás ruínas onde se indique que se tomarán as medidas necesarias que garantan o mantemento das características e os elementos singulares do elemento.

SEGUNDO

Deberán definirse contornos de protección ao redor dos elementos recollidos no catálogo, que deberá reflectirse nos planos de ordenación, respectando aos aprobados oficialmente nos casos dos BIC. Cómpre incidir en que a falta destes contornos de protección non permite avaliar correctamente o efecto da ordenación sobre dos bens incluídos no catálogo.

En solo rústico e de núcleo rural, se se fixan áreas xenéricas, deberán axustarse ás contempladas no artigo 30 das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais para solo non urbanizable de protección do patrimonio. En solo urbanizable, mentres non se desenvolva o correspondente plan parcial, rexerán as mesmas áreas de protección.

O mellor sería delimitar cada contorno de protección de forma individualizada, baseándoo en camiños, fincas, parcelas, ríos, etc... (sen afastarse das distancias xenéricas); deste xeito o contorno é máis real, fuxindo de círculos e liñas que atravesan parcelas de forma arbitraria.

En solo urbano poden reducirse os ámbitos destas áreas de protección, delimitando o elemento obxecto de protección e o contorno do mesmo incluíndo polo menos os inmobles e espazos lindantes e próximos e todos aqueles inmobles que configuren a praza ou espazo público en que se atopa o ben a protexer.

Delimitarase o contorno de protección do Camiño de Santiago seguindo o mesmo criterio que se establece para o resto dos elementos do catálogo, partindo do estudo dun ámbito non menor de 100 metros a cada lado do Camiño. Incluirá, atendendo ás características do territorio, os elementos xeográficos e naturais necesarios para a significación do ben con indicación dos que constitúan o seu límite, sen limitarse a unha simple liña paralela á traza.

TERCEIRO

No artigo 232, punto 3 tratamento en plantas baixas, deberase matizar que se a apertura das portas de garaxe non fose posible debido á protección da fachada en cuestión deberá eximirse ao edificio do cumprimento dos estándares mínimos de prazas de garaxe por vivenda.

CUARTO

Nos artigos 237 e 238 as autorizacións outorgaranse polo órgano competente da Consellería de Cultura e Deporte, conforme o establece a Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia, sen especificar o órgano en cuestión.

QUINTO

Bótase en falla referencias ao réxime que regule a trasladabilidade ou non dos bens do catálogo, tendo en conta o establecido legalmente ao respecto e que con carácter xeral os elementos incluídos no catálogo non son trasladables.

No referente ao CATÁLOGO:

PRIMEIRO

En xeral estímase baixo o grao de protección asignado aos bens do catálogo, debéndose reconsiderar as obras permitidas neles.

SEGUNDO

No que se refire ao contido das fichas:

- Establécense fichas xenéricas, o que non presenta inconvenientes, sempre e cando cada ben teña despois a súa propia ficha individual, de maneira que o grao de protección se estableza de forma específica para cada elemento. Conforme ao establecido no artigo 75.4 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural.
 - No caso da ficha xenérica de cruceiros, debería diferenciarse entre aqueles que teñen a categoría de BIC e os que non.
 - No caso da ficha xenérica dos hórreos, debería diferenciarse entre aqueles que teñen a categoría de BIC e os que non.
 - No caso da ficha xenérica dos lavadoiros, existe un erro nos criterios de intervención, onde se refiren os dos cruceiros.
 - No caso da ficha xenérica dos muíños, non procede a posibilidade de ampliación xenérica de ata un 30% da edificabilidade, senón que a edificación débese ater ao establecido na súa propia ficha, nivel de protección, actuacións permitidas así coma ao aplicable para o tipo de solo onde se atope.
 - Debería existir asemade unha ficha xenérica de muros tradicionais, camiños e rueiros e outros elementos de carácter etnográfico que deban ser protexidos.
- No Contido das fichas:
 - Os planos de identificación son pouco claros e non permiten unha correcta localización e identificación. O ben debe aparecer claramente identificado, de forma individualizada por un símbolo que o determine de forma inequívoca, e non xere confusión na identificación, como ocorre no documento actual coa utilización dun punto gordo.
 - Deberán coincidir os planos das fichas cos planos de ordenación, podendo ver así xa a incidencia da ordenación sobre os bens.
 - Deberanse revisar as fotografías identificativas dos bens, xa que nalgúns casos non son representativas do ben e a súa calidade é deficiente.
- No que se refire a información aportada polas fichas deberá engadirse:
 - Clasificación do solo.
 - Tipoloxía edificatoria.
 - Categoría: Ben de Interese Cultural xa sexa incoado, declarado ou xenérico, ben catalogado ou inventariado. (Conforme define a Lei 8/95 do patrimonio Cultural de Galicia)
 - Referencia ao plano de ordenación onde se atopa o ben.
 - Nos planos das fichas tamén deberá aparecer reflectido o contorno de protección dos bens.

TERCEIRO

As fichas prevén obras de reconstrución, nova planta, obras de ampliación, acondicionamento, reforma e demolición, non previstas na normativa para ningún dos niveis de protección, polo que se deberían revisar ou as obras permitidas segundo cada nivel, ou as obras permitidas nas fichas. No caso das obras de ampliación ou nova planta, deberase establecer o seu tipo: en altura, en planta ou en ámbalas dúas, así coma se son visibles dende a vía pública ou non, etc.

CUARTO

Nas fichas dos elementos declarados de interese cultural deberá indicarse tal condición con referencia ao seu decreto de declaración: termas romanas, arquivo histórico provincial, igrexa de Santiago de Meilán, templo romano de Santa Eulalia de Bóveda, torre de Aez en Outeiro das Camoiras e torre de Riazón en Ombreiro. Debéndose crear un novo nivel de protección para estes elementos, nivel de protección monumental.

QUINTO

Nas fichas dos núcleos rurais, aldeas e lugares que formen parte do Catálogo, no apartado de criterios de intervención deberán especificarse as condicións particulares de edificación para cada un deles, que terán carácter de ordenanza específica de protección.

SEXTO

No referente ás fichas individuais do catálogo:

- Con respecto ás seguintes fichas: L-5, L-25, L-37, BB-3, B-4, B-7, X-4, X-6, G-3, OR-1, OR-2, OR-3, OU-1, S-8, RN-4, RN-5, SÑ-3, SÑ-4, SÑ-6, V-3, V-6 e V-7 estas carecen de contido, so aparecen fotos e tamén falta o plano de localización.
- Con respecto ás seguintes fichas: L-6, L-35, L-36, SM-4, SM-5, SM-7, SM-8, SM-9, AN-2, BA-2, BA-3, BC-2, BZ-1, BZ-2, BN-3, BN-4, BO-1, BO-2, BO-4, BB-1, BB-6, BV-1, BV-2, BV-3, BV-5, B-2, B-3, B-6, CL-2, CL-4, X-5, CR-1, CR-2, CR-5, CR-6, CA-2, CA-4, CO-1, CO-2, CO-4, CO-6, C-5, C-6, C-8, C-10, C-12, CU-1, CU-2, F-1, F-2, F-4, F-5, G-1, LB-4, ML-1, ML-2, ME-3, MM-1, MM-2, O-1, O-2, O-4, O-5, OR-6, OU-2, PD-1, PD-2, PD-3, PN-1, PN-3, PG-1, PG-2, PG-4, P-2, P-3, P-4, PR-1, RM-2, RB-2, S-1, S-2, S-3, S-5, S-6, S-7, S-11, RN-2, SC-2, SC-4, SC-5, SÑ-1, TX-1, TX-3, TI-2, TR-1, TR-3, VE-1, VE-3, VE-4 e VE-5 estas carecen de contido, so aparecen fotos e plano de localización.
- Con respecto ás seguintes fichas: L-9, L-12, L-13, L-14, L-32, L-42, BN-5, CL-1, LB-1 e TI-1, estes elementos deberían ter nivel de protección estrutural.
- Con respecto ás seguintes fichas: L-23, P-5, carece de foto identificativa.
- Con respecto ás seguintes fichas: L-31, C-1, SM-1, SM-2, O-6, O-7 e V-1, estes elementos deberían ter un nivel de protección integral.
- Con respecto ás seguintes fichas: L-34, C-7, F-3, S-4, falta a súa ficha no documento.
- Con respecto ás seguintes fichas: : BB-2, BB-7, BB-8, OR-4, PD-4, RN-6, VE-7 e V-5, estes elementos carecen de plano de localización.
- Con respecto á ficha MZ-1, este elemento carece de foto e plano de localización.
- Con respecto á ficha PR-2 correspóndese coa PR-3 no índice e PR-1 aparece duplicada sendo unha de elas PR-2.
- Con respecto á ficha SÑ-2 este elemento carece de contido e non ten foto identificativa, soamente o plano de localización.

SÉTIMO

Respecto do Catálogo do plan xeral vixente desaparecen unha serie de elementos que, no caso de non xustificar fundadamente a súa exclusión do Catálogo deberán incluírse de novo:

- Capela de Aquelabo en Bascuas.
- Capela do Carme e de San Bartolomeu no Burgo.
- Convento de San Amaro en Castro.
- Capela de San Roque de Riazón en Ombreiro.
- Casa reitoral de Meilán.
- Casa de Vigo en Vilachá de Mera.
- Casa reitoral de Teixeira.

- Pazo de Oteiro en Romeán.
- Casa de Andrade en Calde.
- Casa de Rosende en Saamasas.
- Pazo dos condes de Medina en Poutomillos (NN.CC.SS.PP).
- Cruceiro de Vilacendo en Bocamaos.
- Cruceiro de Santa María de Muxa.
- Cruceiro de O Couto en Labio.
- Os caneiros seguintes:
 - Miñá.
 - Pousada.
 - Entre Pousada e Miñá.
 - Cabanas.
 - Carlos.
 - D. Pepito.
- Ponte de Coeo sobre o Carballido.
- Os seguintes muíños:
 - Ombeiro.
 - Orbazai.
 - Fervedoira.
 - Andrade en Calde.
 - Barreiro.
 - Dous reboredo de Abaixo, Vilamoure.
- O lavadoiro do Cuco.
- Pombal de Vilachá.
- Pombal en Portoganois.
- Hórreo en Camoira.
- Hórreo e cabazo en Riazón.
- Tódolos "conxuntos arquitectónicos rurais" do vixente Catálogo:

Aldeas de Ferreirós (Adai), Locai (Alta), Aquelcabo (Báscuas), Bocamaos, Santa Baia de Bóveda, Calde, Camoira, O Vilar (Cuiña), O Couto e Vilachá (Labio), Riazón (Ombreiro), A Torre (Orzabai), Albarés (Pena), Toiriz (Piugos), Rubiás, San Mamede, San Román, Soñar e O Veral.

Lugares de Vigo (Bacurín), O Vilar (Bocamaos), Valín (Santa Baia de Bóveda), Castro (Meilán), Gondar, A Portela (San Salvador de Muxa), Outeiro Vilaverde, San Mamede (Ribas de Miño), Torible, e Ponte Gaos

OITAVO

Deberase incluír unha ficha no catálogo referente ao Conxunto Histórico e o seu ámbito delimitado do plan especial de protección, entendéndoo como un ben máis en conxunto.

NOVENO

Deberán incluírse no catálogo, por ser arquitectura representativa da diferente evolución da cidade e aparecer reflectidos en diferentes textos e guías de arquitectura, os seguintes elementos:

- Camiño de Santiago (Ruta coñecida como "Camiño do Norte" ou Camiño Primitivo).
- Conxunto histórico.
- En Lugo cidade entre outros:
 - O balneario coas Termas Romanas.
 - O museo de San Roque co seu xacemento.
 - O arquivo histórico.
 - A estación de ferrocarril.
 - A igrexa de San Antonio
 - A igrexa da Milagrosa.
 - A igrexa de San Francisco Javier.
 - O Instituto Lucus Augusti.
 - O Instituto Virxe dos Ollos Grandes.

- A Escola de Maxisterio e Anexa.
- A capela de Fingoi.
- O chalet do Colexio de Fingoi.
- O edificio actual de bombeiros.
- O hospital de San Xosé.
- O Hospital de Calde.
- Os edificios da rúa Concepción Arenal números: 08-19-21
- Os edificios da rúa Pascual Veiga números: 02-04-06
- O chalet da rúa Ramón Montenegro.
- Os edificios da avenida Rodríguez Mourelo números: 02-04-08-10
- Os Edificios na avenida da Coruña números: 23
- Os edificios na rúa Montero Ríos números: 06-07-08-10-12-14-20-22
- Os edificios na rúa Nicomedes Pastor Díaz números: 04-10-12-16-17-23-25
- Os edificios na rúa Castelao, números: 13-15-17-19-25-26-34-36-62
- O edificio do Carril dos Loureiros número 18
- Os edificios da Rúa Xeral Tella números: 04-06-08
- Os Edificios da Rúa Obispo Aguirre números: 28-30-32
- A sede do COAG cos seus restos arqueolóxicos.
- O Parque de Frigsa e os seus elementos.
- O antigo Colexio de Menéndez Pelayo
- Paseo do Miño.
- Paseo do Rato.
- Igrexa de san Lorenzo de Albeiros.
- Cemiterio de San Froilán.

Todas estas ausencias evidencian que o catálogo atópase falto de traballo de campo, polo que debería replantexarse todo el e volver a comprobarse todo o conxunto de bens a protexer.

DESDE O PUNTO DE VISTA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO:

No referente á **NORMATIVA**

A normativa de protección do patrimonio arqueolóxico aparece reflectida de xeito específico no Título IX Capítulo 2, Catálogo do Patrimonio Arqueolóxico, e de xeito xeral no Capítulo 4 do Título VII dedicado ao solo rústico (art.216.g e 218.4). Esta regulación é de aplicación aos xacementos e ao seu contorno, e establece tanto as normas xerais coma as de aplicación individual previstas para cada clase de solo e grao de protección.

Aínda que en termos xerais, a normativa relativa ao patrimonio arqueolóxico cumpre os mínimos esixidos para a xestión deste patrimonio, se ben, en algún caso, resulta algo confusa e require a súa revisión e a posible incorporación de novos artigos:

1.- No artigo 242, referente á Ordenanza específica de protección do patrimonio arqueolóxico urbano, non se establece en solo urbano, nas zonas arqueoloxicamente fértiles, o procedemento para solucionar a contradición entre a conservación de restos arqueolóxicos e os aproveitamentos baixo rasante.

Porén podería ser necesario incorporar un artigo ao parágrafo no sentido de que nos ámbitos de protección arqueolóxica só se poderá permitir o uso e aproveitamento do subsolo unicamente no caso de que se constate, a través dunha actuación arqueolóxica debidamente autorizada, a inexistencia de restos arqueolóxicos, ou ben si se puidese autorizar a súa escavación, tendo en conta que primará, en todo caso, a conservación física do patrimonio arqueolóxico, polo que se potenciarán as solucións técnicas de cimentación que afecten o menos posible aos restos arqueolóxicos. Así mesmo nas áreas de cautela destes elementos deberá terse en conta que os usos non incidan negativamente na conservación ou visualización do ben.

2.- Na ordenanza específica de protección do patrimonio arqueolóxico no urbano (artigo 243) hai pequenas contradicións en relación cos usos que cómpre revisar:

- ⇒ Nos ámbitos de planeamento de desenvolvemento e de Núcleo Rural deberá aplicarse á Área de Protección Integral e ao seu contorno inmediato, un tratamento axeitado de cara a protexer, conservar e

acrecentar os valores propios do patrimonio arqueolóxico. Asemade, en relación ás áreas de cautela destes xacementos; a ordenación detallada quedará pendente da execución dun estudo arqueolóxico previo para a súa definición e, as posibles construcións e instalacións que se puideran autorizar, deberán ter en conta as normas de adaptación ao ambiente co obxecto de harmonizar co elemento protexido e non perturbar a súa contemplación. Nos solos urbanos non consolidado deberán terse en conta as mesmas consideracións sinaladas neste parágrafo.

- ⇒ As obras autorizables, segundo a clasificación do solo, nos contornos ou área de protección dos integrantes do Inventario quedarán cauteladas polo informe previo do organismo competente da Consellería de Cultura e Deporte, condicionadas á preservación dese contorno, informe que terá carácter vinculante respecto aos usos e, no seu caso, ás condicións físicas (estéticas e volumétricas) que sexan requiridas ás construcións e usos para garantir a harmonización coas características ou valores dos bens a protexer.

3.- Se dará un tratamento especial aos Bens de Interese Cultural de carácter arqueolóxico, coma as Termas Romanas e Santa Eulalia de Bóveda.

4.- En relación á clasificación do solo. Con carácter xeral, aos xacementos arqueolóxicos, bens sometidos a un réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, deberán clasificarse coma *Solos Rústicos de Especial Protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico*, de acordo co artigo 216.g e no marco do sinalado no artigo 32 da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro*. E tendo en conta as características propias do patrimonio arqueolóxico coma ben escaso, fráxil e non renovable, nas áreas definidas coma de Protección Integral non deberá superpoñerse ao solo rústico de protección arqueolóxica outras categorías de solos que resultan incompatibles coa propia protección do elemento arqueolóxico, coma a de Solo Rústico de Protección Forestal ou de expansión de Núcleo Rural.

De feito non se delimitará coma zona de expansión de núcleo rural o interior dos ámbitos de protección integral dos xacementos arqueolóxicos.

En relación cos xacementos que se atopan en ámbitos pendentes de desenvolvemento deberá terse en conta, en canto a manter a súa clasificación de solo rústico especialmente protexido, o sinalado no art.32.4 da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro*.

5.- En relación ao artigo 244, Intervencións arqueolóxicas, todas as intervencións arqueolóxicas estarán suxeitas á Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e ao Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia. Porén deberá clarexarse o carácter da inspección do sinalado para o Nivel IV.2 de protección.

No referente ó CATÁLOGO

No Tomo VIII.3 Catálogo incorpóranse 172 fichas redactadas polo Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo, aínda que sen realizar un traballo específico de campo para a actualización do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico e a elaboración do presente documento.

En relación ás áreas de protección é necesario sinalar que en moitos dos xacementos estes ámbitos non semellan axeitados de cara á protección dos mesmos, tanto no que respecta á Área de Protección Integral, que en ocasións non coincide totalmente cos xacementos a protexer e son demasiado reducidas, coma á Área de Respeto que semella máis unha liña testimonial que unha realidade pensada e avaliada dende una perspectiva arqueolóxica e patrimonial.

No mesmo non se incorporan unha serie de xacementos que figuran no inventario do Servizo de Arqueoloxía, así coma os ámbitos da cidade romana situados fóra do ámbito do PEPRI, polo que é preciso actualizalo e facer unha serie de correccións. Coma exemplos podemos sinalar os seguintes:

GA27028164. Cidade de Lugo: acueducto, necrópoles, zonas oleiras, calzadas, cidade altoimperial, termas....

GA27028167. Túmulo do Monte do Picato/Monte de Meda, parroquia de Monte de Meda.

GA27028165-166. Túmulos de Louzaneta, parroquia de Piúgos.

GA27028168-169. Túmulos das Medorras, parroquia de Timirol.

Nas Fichas deberá figurar:

- A ordenanza de protección do xacemento e da área de respecto.
- A clasificación do solo de cada unha destas áreas.
- Deberá reflectirse a referencia aos planos de ordenación onde se atopan cada un dos xacementos e as súas áreas de protección.
- Nas fichas figuran as delimitacións propostas, tanto a área de protección integral como a de respecto, a grafía das mesmas deberá ser a mesma que a dos planos de ordenación. Así mesmo deberá grafarse o grao de protección de cada ámbito delimitado.

No referente aos PLANOS

Os planos de ordenación non reflicten todos os xacementos e as áreas de cautela polo que deberán incorporarse en toda a planimetría urbanística, incluídos os planos de Núcleo Rural. A grafía nestes ámbitos deberá ser a mesma en todos os planos.

Nos planos de ordenación referidos ao ámbito urbano non se inclúen os ámbitos de protección arqueolóxica, polo que deberán grafarse os diferentes ámbitos de protección referidos ao sinalado na normativa (Nivel I, II, III e IV).

Así mesmo e en ámbito urbano de xeito concreto se deberá:

- En Albeiros se reordenará a planificación urbanística para garantir a protección do castro.
- Na ordenación da zona do Carme se terán en conta os resultados das intervencións arqueolóxicas, que permiten delimitar a zona máis fértil, e se protexerá o trazado do camiño primitivo e da calzada romana.
- Deberá delimitarse o contorno de protección das Termas Romanas, declaradas Ben de Interese Cultural.

Nos planos de núcleos rurais ignórase a existencia de elementos patrimoniais protexidos, sendo o caso máis salientable o de Santa Eulalia de Bóveda onde se ignora a delimitación do BIC e se establece unha zona de expansión de núcleo ao Leste do Monumento.

Deberán grafarse en todo o conxunto de planos de ordenación, e coa mesma grafía, os ámbitos de protección integral coma Solos Rústicos de Especial Protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico.

No referente ao Estudo de Sostenibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico.

Deberá incorporar a avaliación e potenciais afeccións sobre o patrimonio arqueolóxico.

Conclusión e proposta:

Conforme o anterior, infórmase desfavorablemente o documento de referencia. Faranse as correccións necesarias e completarase a documentación segundo o sinalado no presente informe. Ademais, dado que as deficiencias apreciadas requiren a revisión da documentación aportada e a inclusión de nova documentación, unha vez que se corrixan estas faltas a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural avaliará a incidencia do documento corrixido sobre o patrimonio cultural e emitirá o correspondente informe.

Santiago de Compostela , 26 de febreiro de 2007

O director xeral de Patrimonio Cultural

Asdo.: Felipe Arias Vilas